



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Información pública do plan de despregamento da rede de fibra óptica (FTTH) en Cariño (Expdte. 2021/X999/000051)

Información pública

Presentada solicitude en data 17 de decembro de 2020, e documentación complementaria en data 15 de febreiro e 10 de marzo do 2021, pola entidade Orange España Telecomunicaciones Fijas SL de conformidade co disposto na Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, un Plan de Despregamento de rede de fibra óptica (FTTH) en Cariño, sométese a información pública polo prazo de 20 días.

En data 23 de marzo de 2021 emitíuse informe polos servizos técnicos municipais. Así mesmo, en tanto o plan de despregue pretende actuacións sobre ámbitos sometidos a afeccións derivadas da normativa sectorial, trasladouse o expediente aos distintos órganos sectoriais para, con carácter previo ao acordo municipal de aprobación, obter as autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais que sexan legalmente exixibles e permitan amparar ás citadas actuacións.

Con carácter xeral o inicio do cómputo do prazo de 20 días de exposición pública comezará a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Durante o referido prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello (www.carino.gal)

Cariño, 24 de marzo de 2021

O Alcalde

Asdo: José M. Alonso Pumar

2021/2432